



Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de subministración e instalación dunha aplicación informática para a MODERNIZACIÓN DAS TAREFAS DA POLICÍA LOCAL do Concello de Noia.

1 Introducción

O obxectivo principal desta actuación é a modernización da xestión da Policía Local mediante a axilización, simplificación e automatización do seu traballo diario; para o que é necesario a implantación dun Sistema de Información (a partir de agora S.I.) que integre un sistema de mobilidade para a actuación ao pé da rúa e un sistema de xestión administrativa na que participan tanto a policía local como outros departamentos da administración local.

A Policía Local, como representante do Concello de Noia na rúa e ante os cidadáns, e como imaxe deste servizo, debe contar cos mellores medios ao seu alcance para poder desenvolver con éxito a súa tarefa. As forzas de seguridade, como institución e como actividade, están obrigadas a incorporar técnicas e tecnoloxías novas, adecuadas ao novo modelo de sociedade.

Por outra banda, é necesario integrar de verdade o traballo dos axentes locais coa tramitación que posteriormente se xera nas diferentes unidades administrativas do Concello, para poder dar unha resposta efectiva aos expedientes e actuacións derivadas do mesmo.

1.1 Obxectivos funcionais

Os obxectivos perseguidos coa implantación do S.I. son os seguintes:

- Poner en marcha un conxunto de procedementos (denuncias de tráfico, administrativas, xestión de atestados, mobiliario urbano,...) con ferramentas que permitan unha fácil adecuación a calquera cambio nos fluxos de traballo ou de relación con outros sistemas de información, xa sexan do propio Concello, como externos.
- Mellorar a integración das actuacións da Policía Local co resto de unidades administrativas relacionadas (Tesourería, Obras e Servizos, Secretaría, DXT, etc.) evitando a redundancia e inconsistencia das informacións transmitidas.
- Axilizar a xestión dos procedementos administrativos derivados do traballo da Policía Local entre as diferentes unidades implicadas, a través dun sistema centralizado de axenda, que comunique a cada membro as tarefas que ten que realizar e en que momento.
- Dispoñer de maior e mellor información ao pé da rúa (avisos de accidentes, roubos de vehículos, localización de persoas, etc.) ou problemas concretos (atestados, tráfico, incidencias na vía,...), dando unha resposta máis rápida e efectiva en aquelas situacións que así o requiran.

1.2 Obxectivos técnicos

Entre os obxectivos técnicos, que se perseguen coa implantación do S.I. na Policía Local, cabe destacar:

- Plataforma que non requira o pago anual de licenzas.
- Sincronización en tempo real de calquera modelo de datos ou táboas de información entre un servidor

central e dispositivos móbiles como unha PDA.

- Integración de xeolocalización, informes automatizados e estadísticas para tódolos procedementos administrativos necesarios.
- Facilitade de deseño que permita, sen necesidade de enxeñería informática, poñer en marcha calquera procedemento administrativo, co nivel de detalle e complexidade que queira a Policía Local.
- Control de quen, cando e que se fixo sobre calquera consulta ou trámite, incluíndo os rexistros da LOPD.
- Accesible a través de calquera navegador web (Internet Explorer e Firefox, polo menos).
- Facilitade para actualizar a xestión asegurando a súa evolución futura e as adecuacións que se requiran, xa sexa por cambios legislativos ou de mellora na tramitación.

2 Dispositivos móbiles

O S.I. contará con, cando menos, cinco (5) terminais móbiles profesionais que permitan aos axentes da policía realizar o seu traballo diario na rúa con total seguridade e dispoñibilidade, polo que deberán contar coas seguintes características:

- Dispositivo profesional baseado en Windows Mobile 6.1 (ou superior), que integre nun único terminal diferentes elementos: teléfono, PDA, cámara fotográfica e navegador, entre outros.
- CPU de polo menos 500 Mhz, que garanta a fluidez de execución do software.
- Pantalla de cor cunha medida mínima de 3,5", táctil.
- Os terminais móbiles terán integrada a posibilidade de comunicarse vía interface HSDPA 3.5G integrado (GSM/GPRS cuatribanda e WCDMA 3.5G tribanda co Servidor do Concello (que non é obxecto da presente licitación), posibilitando a transmisión de datos on-line en ambos sentidos.
- Cando menos, Bluetooth v2.0 e LAN sen fíos 802.11b/g integrada.
- Os terminais móbiles deberán ter integrado un dispositivo GPS de alto rendemento integrado.
- Os terminais móbiles terán integrada unha cámara dixital de fotografía, cunha resolución mínima de 3 megapixels e con autofocus.
- Batería sen efecto memoria, de alta capacidade (cando menos de 2600 mAh) e autonomía inicial de 8 horas a pleno funcionamento.
- Lixeiro: menos de 350g

3 Impresoras móbiles

Catro (4) impresoras móbiles profesionais coas seguintes características:

- Sistema de impresión térmico.
- Traballarán cun papel continuo e cun ancho non inferior a 56 mm, que garanta que o impreso ao longo do tempo siga claramente visible.
- Especificaranse as características, dimensións, autonomía, baterías e velocidade.
- Peso inferior a 350 gr.
- Conexión Bluetooth v2.0 (ou superior) para conectar co terminal móbil.



Concello de Noia
Rúa Rosalía de Castro, 2
15200 - NOIA - A Coruña
Teléfono 981842100
Fax: 981821741
www.noia.es

- Enganche de cinto, alimentador AC incluído.

4 Software

FERRAMENTA DE DESEÑO

O S.I. debe prover dunha ferramenta de deseño que permita a realización de funcións de edición avanzadas coa finalidade de deseñar os procedementos de maneira gráfica (con operacións habituais de copia, pegado e arrastre de elementos).

O deseño de formularios de entrada poderá realizarse tamén mediante a copia ou arrastre de campos. Os modelos de documento poderán ser realizados utilizando o editor de texto OpenOffice Writer ou outro compatible con arquivos do tipo ODT.

ARQUITECTURA EN TRES CAPAS

A estrutura do S.I. corresponderá a un sistema en tres capas (Servizos de Presentación, Regras de Negocio e obxectos de Acceso a Datos) que permita manter o núcleo de xestión independente do Cliente Web. Esta estrutura cumprirá o estándar J2EE (Java Platform Enterprise Edition).

INTEGRACIÓN CON OUTRAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

O S.I. permitirá intercambio de información a través de catro canles:

- Webservices.
- API de obxectos Java.
- API de acceso a través das táboas da base de datos.
- Mapeo directo de modelos externos de datos, que sexan visibles dende o momento da realización do deseño de calquera procedemento administrativo.

AXUDA ON-LINE

O S.I. disporá dun sistema de axuda en pantalla accesible polos axentes de policía mediante un botón, que informe do modo de tramitación de cada unha delas.

REVOCACIÓN DE TRÁMITES

O S.I. gardará un histórico de toda a tramitación que se realice, así como tódalas modificacións dos datos:

- En que momento se modificou.
- Que usuario o modificou.
- Dende que tarefa foi modificado.

Así, permitirse que, en caso de retroceder un trámite, o expediente quede exactamente no mesmo estado orixinal, respecto á tramitación e á información.

AUDITORÍA E CONTROL

As intervencións servirán como puntos de control da execución dos expedientes. A súa principal utilidade será a posibilidade de poder consultar que expedientes pasaron xa por eles e con que data de desviación respecto á data prevista. Permitirán elaborar estadísticas de execución dos expedientes e para informar ao cidadán do estado no que se atopan os seus expedientes.

MENSAXES

Disporase dun sistema de envío de mensaxes de correo electrónico de forma automática no punto da tramitación que se desexe. Tanto o destinatario, como o remitente, como o asunto, como o contido poderase xerar de forma dinámica. Isto incluírá o envío de ficheiros adxuntos, que xa estean almacenados nos datos do expediente.

XESTIÓN DIARIA HABITUAL (TRAMITACIÓN E CONSULTA)

Os trámites pendentes corresponderán a aqueles expedientes iniciados que o Axente de Policía poderá realizar. Ademais de informar dos datos que se requiran na labor diaria, o Axente terá a posibilidade de obter e/ou asociar documentos:

- Entrada e revisión da información.
- Validación da tarefa segundo as regras de negocio establecidas na unidade policial ou a lexislación vixente.
- Recuperación de tarefas finalizadas e que deben revisarse.
- Consulta de axuda o respecto de como se debe tramitar un expediente.
- Consulta de datos de xestión asociados o expediente (prazos, persoas involucradas, tarefas pendentes de realizar...)
- Execución de aplicacións externas xa dispoñibles nos servidores da Policía Local.
- Tramitación múltiple (varios expedientes á vez).
- Obtención dos documentos asociados o expediente en base aos modelos predefinidos.

PROCEDEMENTOS DO S.I.

O S.I. deberá incluír a seguinte relación de procedementos administrativos completamente modelizados segundo a toma de requisitos inicial que realice o Concello de Noia a través dos diferentes interlocutores da Policía Local:

- Atestados
- Denuncias de tráfico
- Mobiliario urbano
- Denuncias administrativas
- Parte laboral diario
- Incidencias na vía
- Depósito de obxectos
- Rexistro documental de entrada e saída

